

Código do documento	Código do expediente
USG12I00RR	USG/2018/141
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3W52 694Q 2X4H 5S5B 15JJ	

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 29 DE AGOSTO DE 2018.

PRESIDENTE:

A alcaldesa en funcións, D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril

ASISTENTES:

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D. Miguel Suárez García
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes

NON ASISTEN:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.^a M^a del Carmen Varela Corbelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e dez minutos do día vinte e nove de agosto do ano dous mil dezaoto, reúnese a Xunta de Goberno Local, en segunda convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa en funcións, D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D. Miguel Suárez García e D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes.

Non asisten á sesión os/as Sres./as concelleiros/as D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.^a M^a del Carmen Varela Corbelle e D.^a Marta M^a Iglesias Becerra,

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 20 DE AGOSTO DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte de agosto de dous mil dezaoto, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 20 de agosto de 2018.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Corrección de erros. Decreto 23/2018, do 15 de febreiro, da Consellería de Política Social, polo que se modifica o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo. DOG núm. 159 do 22-08-2018.
- Decreto 82/2018, do 2 de agosto de 2018, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se regula a Comisión de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. DOG núm. 160 do 23-08-2018.

Código do documento	Código do expediente
USG12I00RR	USG/2018/141
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3W52 694Q 2X4H 5S5B 15JJ	

C.I.F. P-1503100-H

- Orde do 6 de agosto de 2018, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se modifica a Orde do 21 de decembro de 2017 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais e Galicia. DOG núm. 161 do 24-08-2018.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia. DOG núm. 162 do 27-08-2018.
- Resolución do 6 de agosto de 2018, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio -Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo-, pola que se dá cumprimento aos requisitos adicionais de publicidade establecidos nos artigos 82.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 199.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de dita lei en relación co Plan básico autonómico de Galicia. DOG núm. 162 do 27-08-2018.
- Resolución do 20 de agosto de 2018, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza -Secretaría Xeral para o Deporte-, pola que se fan públicas as listaxes definitivas de subvencións a entidades deportivas convocadas pola Resolución do 3 de abril de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e agrupacións deportivas escolares de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas, e se convocan para o ano 2018 (código de procedemento PR945C). DOG núm. 163 do 28-08-2018.
- Resolución do 23 de agosto de 2018, da Axencia Turismo de Galicia, pola que se amplía o prazo de presentación da documentación xustificativa establecido na Resolución do 4 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, e se anuncia a convocatoria para o ano 2018. DOG núm. 164 do 29-08-2018.
- Extracto da Resolución núm. 2018/28212 do 21-08-2018, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do "Programa de subvencións para clubs deportivos da provincia, sen ánimo de lucro, con equipos ou deportistas que participen en competición federada de ámbito local, provincial ou autonómico durante o ano 2018" (FO103B/2018). BOP núm. 162 do 27-08-2018.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. alcaldesa en funcións dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Área de Urbanismo e comunicacións previas:

"RESOLUCIONS DO 23.08.2018

Resolución núm 1341.- Concedendo á Comunidade de Propietarios Residencial La Laguna licenza municipal para as obras de reparación de fachadas do edificio situado na avenida de Fonteculler números da parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/402).

Resolución núm 1342.- Correxindo a Resolución número 1031 do 16.06.2018 do seguinte modo:

Na parte dispositiva, onde di:

(./.)Características

Agrupación das parcelas F e H en 6 novas parcelas coas seguintes superficies:

Nave- F-1-3	2.229,30 m/2	computado	1.092,20
F-5-7	2.173,60 m/2.	"	1.022,94
F-9-11	2.248,15 m/2	"	1.092,20
F-13	1.133,05 m/2	"	546,10

H-10-16	2.334,70 m/2	“	1.998,10
H-18-20	1.815,80 m/2	“	1.563,35 (...)

Debe dicir:

(...)Características

Agrupación das parcelas F e H nunha única peza denominada H/F que queda estruturada segundo os sectores diseminados F-1-3, F-5-7, F-9-11, F-13, H-10-16 e H-18-22, coas seguintes superficies:

F-1-3	2.229,30 m/2	computado	1.092,20
F-5-7	2.173,60 m/2.	“	1.022,94
F-9-11	2.248,15 m/2	“	1.092,20
F-13	1.133,05 m/2	“	546,10
H-10-16	2.334,70 m/2	“	1.998,10
H-18-22	1.815,80 m/2	“	1.563,35 (...)

(exp. UAU/2018/275).

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 22 de agosto de 2018, a comunicación previa presentada por B.C.N., para peche parcial de parcela de 29,45 ml. e 1,50 m.a., parcela situada en Rúa Regueira, parroquia de Almeiras (EXP. UAU/2018/219).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 23 de agosto de 2018, a comunicación previa presentada por C.G.F. para construción dun peche de 56,70 m.l. E 1,80 m.a. En parcela situada no Lugar de Valiñas, parroquia de Sueiro (EXP. UAU/2018/3).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 24 de agosto de 2018, a comunicación previa presentada por E.G.S., para substitución de alicatados e solados de dous cuartos de baño nunha vivenda situada en Rúa Jorge Guillén, parroquia de Rutis (EXP. UAU/2018/200).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 24 de agosto de 2018, a comunicación previa presentada por F.M.L., para arranxo de cociña e baño en vivenda situada en Rúa Sanjurjo de Carricarte, parroquia de O Burgo, (EXP. UAU/2018/2011).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 27 de agosto de 2018, a comunicación previa presentada por J.L.V.N., para substitución material de cuberta en vivenda situada en Rúa San Fernando, parroquia de Culleredo (EXP. UAU/2018/214).

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
A alcaldesa en funcións
(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H